



Proxecto Educativo

CEIP Alfredo Brañas- Paosaco
Curso 2019- 20

PROXECTO EDUCATIVO

1. MARCO LEXISLATIVO

2. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

- 2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS
- 2.2 ÁMBITO
- 2.3 HISTORIA
- 2.4 SITUACIÓN
- 2.5 INFRAESTRUCTURA

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

- 3.1 UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO
- 3.2 ACTIVIDADES LECTIVAS
- 3.3 PROFESORADO
- 3.4 PERSOAL NON DOCENTE
- 3.5 SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

4. SINAIS DE IDENTIDADE

- 4.1 FINS EDUCATIVOS DO CENTRO
- 4.2 PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA

5. OBXECTIVOS DO CENTRO

- 5.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO
- 5.2 ÁMBITO HUMANO
- 5.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL
- 5.4 ÁMBITO ADMINISTRATIVO
- 5.5 ÁMBITO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- 6.1 ÓRGANOS DE GOBERNO
- 6.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
- 6.3 DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN
- 6.4 DINAMIZACIÓN E OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES
- 6.5 ENSINANZAS DE RELIXIÓN
- 6.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN AOS ALUMNOS QUE NON OPTAN POLO ENSINO DE RELIXIÓN
- 6.7 ENSINANZA DE IDIOMAS
- 6.8 ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS
- 6.9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
- 6.10 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

7. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

- 7.1 ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS
- 7.2 CONCELLO
- 7.3 OUTROS CENTROS EDUCATIVOS
- 7.4 OUTRAS INSTITUCIÓNS

1. MARCO LEXISLATIVO

No artigo 121 da LOE e tendo en conta as modificacións introducidas nese artigo pola LOMCE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices:

- ▶ O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro.
- ▶ Unha copia do PE quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa e colgarase na web do centro e unha segunda copia, remitirase á Inspección Educativa.
- ▶ Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Análise do contexto.
 - Obxectivos do centro.
 - Fins e intencións educativas.
 - Oferta educativa.
 - Organización xeral.
 - Concreción curricular.
 - Proxectos e Plans nos que participa o centro.
 - Relacións coas familias e institucións.

Documentos de referencia do centro.

- ▶ O Consello Escolar avaliará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.
 - Proxecto educativo.
 - Proxecto de xestión.
 - Normas de organización e funcionamento.
 - Programación Xeral Anual.
- ▶ A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)**

- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios

de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.

- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 126/2015**, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- **Orde do 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 9 de xullo de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde ECD/65/2015**, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

2.1. 2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS

DENOMINACIÓN: C.E.I.P. “Alfredo Brañas”

CÓDIGO: 15025256

ENDEREZO: Porta Santa nº 19- Paiosaco –Lestón - A Laracha
15145 - A Coruña

TELÉFONO: 881880700

FAX: 881880701

E-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

2.2. 2.2 ÁMBITO


O Centro, desde a rezoñificación de maio de 2010, abrangue os seguintes concellos, parroquias e lugares:

- Concello de A Laracha:

- Lestón: Paiosaco, Lestón, A Torre, Porta Santa, Grela, Rañeiras, Igresario, Fofelle, Centulle, Barreira e Aveneira.
- Erboedo: Vilar, Fontenla, Sampaio, Reirís, Barreira, Igresario.
- Coiro: Os Muíños, Merelle, Vilar, Matosa, Toural, Maseo, Medoña, Penso, Pedra, Lamalonga, Meneiros, Coto, Fornos.
- Lugar de Revirente, parroquia de Soandres

- Concello de Arteixo:

- Monteagudo: Freón, A Cachada.



PROXECTO EDUCATIVO

2.3 HISTORIA

A creación do CEIP “Alfredo Brañas” fíxose polo Real Decreto 172/1985 do 4 de xullo (DOG do 31 de Agosto). Autorízase o seu funcionamento na Orde Ministerial do 11 de Outubro de 1985 (D.O.G. do 31 de Outubro) e modificouse a súa composición inicial na Orde Ministerial do 29 de Maio de 1987 (DOG do 22 de Xuño) polo que se crea unha unidade mixta de E X B.

O 22 de Marzo de 1989 incorpóranse ao centro dúas unidades de E. Infantil que funcionaban na Escola Unitaria de Rañeiras.

A consecuencia da implantación da LOXSE, transformouse nun centro de EI e de EP. A súa composición actual figura na Orde Ministerial do 18 de Xuño de 1996 (DOG do 21 de Xuño) e posteriormente foi ampliado. Na actualidade conta coas seguintes unidades:

- 3 unidades de EI.
- 6 unidades de EP.
- 1 unidade de PT.
- 1 especialista de PT Compartido (curso 2019/20)
- 1 Departamento de Orientación Compartido
-

2.4 SITUACIÓN

É un centro de titularidade pública, financiado na súa totalidade pola Consellería de Educación e O.U., dependente da Xunta de Galicia.

Está situado en Paiosaco, a uns 700 m. do centro urbano, na parroquia de Lestón, no concello de A Laracha.

A localidade carece de suficientes servizos públicos nos que os rapaces poidan realizar actividades culturais e de tempo libre, se ben dende o 2010 existe un centro sociocultural preto do colexio .

A poboación se sitúa principalmente no Campo da Feira, que constitúe o principal núcleo urbano no que a maioría vive en pisos. Os núcleos máis alonxados teñen un carácter máis rural e os seus habitantes viven en casas unifamiliares relacionados co medio agrícola.

2.5 INFRAESTRUCTURA

No recito escolar, rodeado por un alto muro de bloque, dispónse de dous edificios, un pavillón polideportivo e amplos espazos ao ar libre: campo de voleibol, parque infantil, campo de fútbol e xardín.

- Edificio 1

- Soto: Comedor escolar con acceso independente do edificio
- Baixo: unha aula de EI, sala do profesorado, almacén, aseos alumnos, aseos mestres, aula de informática, despacho dirección, despacho administración, despacho de orientación, conserxería e sala de caldeiras con acceso dende o exterior.
- 1º Andar: biblioteca/salón de actos, dúas aulas de E. Infantil, 1 aula de usos múltiples, aseos alumnos.

- Edificio 2

- Baixo: dúas aulas de E.Primaria, aula de Música e Psicomotricidade, aula de Inglés, aseos- botiquín mestres, aseos alumnos
- 1º Andar: catro aulas d E. Primaria, aula de PT, aula de AL, aseos mestres, aseos alumnos.

- **Pavillón deportivo**

- É de propiedade municipal, utilizado polo centro durante a xornada lectiva para as clases de E. Física e competicións deportivas que se organizan ao longo do curso. Tamén é utilizado pola ANPA “Porta Santa” para actividades extraescolares.

PROXECTO EDUCATIVO CENTRO

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.1 UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

O centro conta con 3 unidades de educación infantil e 6 de educación primaria.

A ratio mantense estable nun 80% das prazas ofertadas, nunha media de 15 alumnos por aula, en E. Infantil e de 21 en E. Primaria.

Os alumnos proceden da área de influencia do centro, que ven sendo a localidade de Paiosaco e, ás veces veñen nenos que debería ir ao centro de Arteixo ou a do Laracha pero optan por este por ter menos alumnado e non estar masificado a pesares de non ter dereito ao transporte escolar.

3.2 ACTIVIDADES LECTIVAS

O horario lectivo do centro é de 09:10 a 14:10 horas. O alumnado de educación infantil que se incorpora ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola segundo a orde de calendario correspondente.

3.3 PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo do centro é de 15 mestres,. O reparto queda como segue:

- 4 Educación Infantil
- 5 Educación Primaria
- 1 Lingua Inglesa
- 1 Lingua Francesa
- 1 Educación Física
- 1 Educación Musical
- 1 Pedagogía Terapéutica
- 1 Orientación Compartida

Ademais cóntase cun mestre de AI dous días a semana, unha de Relixión.

A dirección do centro está en comisión de servizos.

O profesorado atenderá unha hora semanal, fóra do horario lectivo, ás familias que así o soliciten: luns de 15:30 ás 18:30 horas.

3.4 PERSOAL NON DOCENTE

Desde o curso 2009/10 contase cunha coidadora enviada pola Consellería de Educación para atender ao alumnado de necesidades educativas especiais.

O conserxe e a limpadora están contratados por unha empresa subcontratada polo concello

3.5 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con dúas rutas de transporte realizadas pola empresa Autos Rey Varela.

4 SINAIS DE IDENTIDADE

4.1 FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

- 4.1.1 O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- 4.1.2 A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- 4.1.2 A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- 4.1.3 A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- 4.1.4 A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien e respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e desenvolvemento sustentable.
- 4.1.5 O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- 4.1.6 A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- 4.1.7 A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecemento científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como e desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- 4.1.8 A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- 4.1.9 4.1.10 A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

4.2 PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA

- 4.2.1 A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- 4.2.2 A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- 4.2.3 A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- 4.2.4 A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que desenvolve ao longo de toda a vida.
- 4.2.5 A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

- 4.2.6 A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o longo dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- 4.2.7 esforzo individual e a motivación do alumnado.
- 4.2.8 esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- 4.2.9 A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- 4.2.10 A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- 4.2.11 A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non- violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- 4.2.12 desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- 4.2.13 A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- 4.2.14 fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- 4.2.15 A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultado.

5 OBXECTIVOS DO CENTRO

5.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO

- 5.1.1 Formar integramente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- 5.1.2 Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.
- 5.1.3 5.1.3 Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- 5.1.4 Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- 5.1.5 Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- 5.1.6 Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- 5.1.7 Potenciar o hábito lector para lograr un mellor desenvolvemento do currículo escolar.
- 5.1.8 Desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:
 - 1. Competencia en comunicación lingüística
 - 2. Competencia matemática
 - 3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
 - 4. Tratamento da información e competencia dixital
 - 5. Competencia social e cidadá
 - 6. Competencia cultural e artística
 - 7. Competencia para aprender a aprender
 - 8. Autonomía e iniciativa persoal

5.2 ÁMBITO HUMANO

- 5.2.2 Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- 5.2.3 Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- 5.2.4 Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- 5.2.5 Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración.
- 5.2.6 Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- 5.2.7 Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- 5.2.8 Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- 5.2.9 Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- 5.2.10 Educar para un consumo responsable.
- 5.2.11 Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- 5.2.12 Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- 5.2.13 Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudio, orde e traballo.

- 5.2.14 Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- 5.2.15 Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- 5.2.16 Desenvolvemento no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- 5.2.17 Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa. Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- 5.2.18 Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- 5.2.19 Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

5.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL

- 5.3.2 Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- 5.3.3 Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- 5.3.4 Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- 5.3.5 Establecer contactos e coordinar actuacións co IES Agra de Leborís, centro receptor dos alumnos.
- 5.3.6 Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- 5.3.7 Colaborar co centro de formación do profesorado.
- 5.3.8 Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- 5.3.9 Lograr que as administracións local e autonómica cumbran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- 5.3.10 Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

5.4 ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- 5.4.2 Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- 5.4.3 Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

5.5 ÁMBITO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Ao remate da educación primaria os alumnos deberán ter un dominio do galego e do castelán que lles permita comunicarse en ámbalas dúas linguas por un igual. Así mesmo fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- 5.5.2 Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- 5.5.3 Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- 5.5.4 Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa,...
- 5.5.5 Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

6 ORGANIZACIÓN DO CENTRO

6.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

- 5.1.1 Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores
- 5.1.2 Unipersoais: Director/a, Secretario/a, Xefe/a de Estudos.

6.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Comisión de coordinación pedagóxica
- Equipo de orientación
- Equipos de ciclo
- Equipos de traballo

6.3 DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

6.3.1. A concreción do currículo. Incluirá os seguintes documentos:

- a) As programacións didácticas de cada ciclo, que incluírán as competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como as estratexias metodolóxicas e de atención á diversidade.
- b) a educación en valores a través das distintas áreas
- c) Os criterios de avaliación e promoción do alumnado
- d) Medidas para o alumnado que permaneza un ano máis no ciclo
- e) O período de adaptación a escola
- f) O proxecto lingüístico de centro
- g) O proxecto de dinamización das tecnoloxía da información e da comunicación
- h) O proxecto lector do centro
- i) O plan de convivencia escolar
- j) O plan de saídas escolares

6.3.2. A normativa de convivencia do centro

1. O plan de acción tutorial
2. O plan de orientación escolar
3. O protocolo de acollida do alumnado procedente do estranxeiro
4. O plan de autoprotección escolar
5. O presuposto anual
6. A programación xeral anual
7. A memoria anual

Ademais, o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos, a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.

6.4 DINAMIZACIÓN E OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES

Atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo educativo
- Atención á diversidade

- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas
- Apoio á educación infantil

O Equipo directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual, así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Poderanse establecer dinamizacións como:

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Biblioteca
- Convivencia escolar
- Normalización lingüística
- Mellora da calidade educativa
- Programas internacionais
- Outras actividades análogas que establezan na PXA.

6.5 ENSINANZAS DE RELIXIÓN

Impártese o ensino de relixión e moral católica a aqueles que as súas familias así o solicitan.

As outras confesións relixiosas, se as houbese, impartiríanse na medida que os responsables das mesmas faciliten profesorado para tal fin.

6.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN AOS ALUMNOS QUE NON OPTAN POLO ENSINO DE RELIXIÓN

Os alumnos e alumnas para os que as súas familias non solicitan ensinanzas de relixión, reciben atención educativa por parte do profesorado.

As ensinanzas que recibirán consistirán en:

- Exposicións sobre celebracións e conmemoracións que se realicen no centro
- Taller de contos
- Taller de xogos manipulativos: para os máis pequenos
- Educación en valores, convivencia...
- Actividades de biblioteca: coidado e organización dos materiais e fondos. Exposicións sobre temas concretos.

Cada ciclo desenvolverá nas programacións didácticas os contidos relacionados con estas ensinanzas adaptándoas ao nivel dos alumnos.

6.7 ENSINANZAS DE IDIOMAS

O centro conta con profesorado especialista en lingua francesa e inglesa, ofertando ás familias a opcionalidade de elixir unha delas no momento da matrícula.

6.8 ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS

As ensinanzas de educación musical e educación física, non obrigatorias na etapa de educación infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na programación xeral anual para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

6.9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

- Celebración do Magosto
- Celebración do Nadal
- Celebración do Entroido
- Celebración das Letras Galegas
- Elaboración e edición do Xornal Escolar
- Actividades de animación á lectura
- Plan de saídas escolares: Saídas educativas dos diferentes niveis
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos de profesores
- Saídas para participar en actividades puntuais propostas polo Concello

6.10 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O centro oferta, unha vez rematado o horario lectivo, unha serie de actividades lúdico-educativas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais. Algunhas destas actividades realízanse nas propias instalacións do centro e outras en dependencias de titularidade municipal ou de entidades culturais e asociacións deportivas.

A oferta de actividades realizarase cada curso ao comezo da actividade lectiva e figurará na Programación Xeral Anual. A ANPA é a que se responsabiliza da organización e funcionamento das mesmas, excepto a Biblioteca que corre a cargo do mestre que estea de garda nese día.

O financiamento destas actividades corre a cargo do Concello.

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

7. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

7.1 ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

A ANPA organiza actividades extraescolares para alumnos e antigos alumnos do centro, colabora nas actividades complementarias e escoita e trata de atender outras necesidades.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro.

Conta cun representante no consello Escolar do centro.

7.2 CONCELLO

Organiza algunhas actividades extraescolares gratuítas para os alumnos do centro e do concello e fai subvencións, ben económicas, con aportación de material ou melloras nas instalacións.

Tamén organiza diversas actividades culturais.

7.3 OUTROS CENTROS EDUCATIVOS

- I.E.S. Agra de Leborís: por ser o instituto ao que está adscrito o colexio, trátase de manter un contacto frecuente para coordinar a labor docente. Esta coordinación e máis exhaustiva co Departamento de Orientación por ser o encargado de facer os estudos e informar dos casos que se dan no centro e que son atendidos na aula de PT.
- O CEIP de Caión está adscrito ao departamento de Orientación do centro
- Outros Centros de Primaria: establécense canles para organizar actividades que permitan unha relación de convivencia entre os alumnos dos distintos centros do Concello: xornadas deportivas, actividades culturais...

7.4 OUTRAS INSTITUCIÓNS

Tamén se establecen relacións con outras institucións (oficiais ou non) sempre que se oferten actividades axeitadas ás idades dos alumnos e que se consideren de interese para os mesmos.

Lestón, abril 2020